

Utilidades do galego no eido da política internacional: unha experiencia persoal

Polo meu traballo no eido da pesca fun chamado en non poucas ocasións a representar os intereses europeos en foros internacionais, alí onde se esperaba que unha lingua minoritaria (no mundo, non no noso país) non tería lugar de privilexio.

Vou contar a seguir tres anécdotas que ilustran a utilidade do galego nos foros internacionais e que quitan razón aos que falan da súa inutilidade.

1) No ano 1999 representaba eu á Comunidade Europea na Comisión Interamericana do Atún Tropic (IATTC), unha organización rexional de xestión pesqueira que entende da regulación dos caladoiros de atún no Océano Pacífico Oriental. Nesa organización as linguas de uso son o castelán e o inglés e todos os documentos están nesas linguas. Como en todas as organizacións internacionais, as discusións son abertas en pleno, mais cando se trata de delimitar posicións, son os contactos que entre as partes se establecen nos corredores fóra da sala de reunións os que contan. A discusión ía sobre capturas accidentais de golfinhos. Resultou que o representante das illas Vanuatu era un capitán da Coruña, e así, cando falamos entre nós para saber as posicións relativas (eles con ser un país minúsculo tiñan un voto igual que nós, que daquela eramos máis de 340 millóns de habitantes). En troques de falar en castelán de « delfín tornillo », nos falabamos en galego de « golfinho parafuso », termo que ninguén entendía. Daquela no corredor, inzado de representantes de Ecuador e de Colombia, de México e Costa Rica, ninguén puido chegar a saber de qué estabamos a falar. Na fin o voto do arquipélago das Vanuatu caeu do noso lado (en detrimento da posición dos Estados Unidos de América, membros tamén daquela organización internacional).

2) Máis recentemente, no ano 2008, participei nun grupo de traballo da Comisión Internacional para a Conservación do atún do Atlántico (ICCAT). O asunto ía de medidas de control en porto e capacidade total de pesca. Nunha altura tiñamos diferenzas co representante de Brasil. Os membros da delegación comunitaria era maioritariamente franceses e daquela eu, polo meu coñecemento do galego e a súa proximidade co brasileiro era o único membro da delegación europea que estaba capacitado para falar cos representantes brasileiros na súa lingua e tratar de acadar unha aproximación das posicións respectivas ou mesmo unha posición común de Brasil e da Comunidade Europea nun asunto de vital importancia para a nosa flota (outra vez en detrimento das posicións dos Estados Unidos e de Canadá).

3) Máis recentemente aínda, en 2009, nunha negociación entre a Administración comunitaria e o Goberno francés, nunha reunión en París, houbo un momento en que eu tiña que mandar unha mensaxe ao meu xefe, para que non cedese nunha posición. Polo menos un dos representantes franceses (que nos souberamos) falaba e entendía perfectamente o castelán. Por azar o meu xefe era curiosamente tamén de A Coruña e daquela a mensaxe pasou entre nós nunha lingua secreta para todos os presentes e conseguimos así levar a fariña ao noso muíño.

Podería contar outras varias anécdotas de cando en 1991 estiven embarcado durante un mes nunha corbeta da Mariña de guerra portuguesa, en augas reguladas pola NAFO fronte as costas do Canadá, e como o coñecemento desa lingua me valeu tamén para facer un aparte cun dos oficiais en presenza das autoridades canadienses e como iso resolveu máis dunha situación comprometida.

Poderán pensar que estes son casos illados, pois non. Nunha negociación internacional a utilidades das linguas minoritarias está precisamente niso, en que son minoritarias e podemos falar abertamente cos membros da nosa delegación coa certeza de que ninguén dos que temos do outro lado da mesa vai entender o que decimos. Se ademais a nosa lingua galega nos permite entrar en contacto privilexiado cos lusófonos, pois daquela mellor que mellor.

Non se equivoquen, non quixen negar a importancia de se manexar en linguas de expansión internacional, como o inglés, o francés ou o castelán, máis moitas veces o dominio dunha lingua que os outros rivais non dominan é un factor importante nunha negociación, aínda que este punto non estea referido nos manuais de técnicas de negociación, que polo meu traballo tiven que estudar.

Simplemente iso, dar os argumentos para dicir que neste contexto o galego tamén é unha lingua útil. Se cadra outros poderán aportar tamén as súas experiencias.

Xavier Queipo, Bruxelas, 31 de agosto de 2009
Científico